


# **Plan de patio escolar activo para o CEIP “Manuel Fraga Iribarne” de Cariño.**

## **“Espazo de vida activa”**



Proxecto Saúde.  
Abril 2022

## **Sumario**

1.- Introducción.....	2
2.- Planificación.....	3
3.- Situación actual.....	4
3.1.- Aspectos a destacar.....	5
3.2.- Aspectos a mellorar.....	5
4.- Propostas do plan de mellora (Plan Integral 2019).....	6
5.- Actuacións para a promoción da actividad física.....	8
6.- Indicadores de éxito.....	9
7.- Referencias.....	9

## **1.- Introducción.**

Este plan de actuación sobre o patio escolar do CEIP “Manuel Fraga Iribarne” de Cariño pretende a creación de áreas e dinámicas para a promoción da actividad física durante os periodos de lecer do alumnado no centro educativo, especialmente nos recreos.

Xurde como unha concreción do Plan de Mellora do patio escolar que foi elaborado en 2019. No plan integral recóllese actuacións desde distintos ámbitos co obxectivo de progresar no aproveitamento do patio escolar como un recurso educativo ademais dun espazo de convivencia.


Recollemos neste documento propostas para ofrecer ao alumnado espazos para a práctica de actividad física.

## **2.- Planificación.**

<b>Obxectivos</b>	<b>Actuacións</b>	<b>Responsables</b>	<b>Recursos</b>
Facer do patio escolar un espacio de vida activa.	Delimitación de zonas de actividad.  Elaboración dun presuposto.  Coordinación co concello para a preparación das zonas.	Profesorado das áreas de EF, e música e danza.	Elementos aportados polo concello.  Asignación no presupuesto anual dunha partida económica específica para a conservación e mellora do patio.  Partida económica resultado de participar en proxectos de innovación educativa.
Ofrecer ao alumnado alternativas de ocio activo no patio.	Deseño de actividades durante os recreos. Por exemplo obradoiro de baile, exhibicións de parkour, competicións de deportes-xogos alternativos.	Profesorado das áreas de EF, e música e danza.	Nestas actividades poden actuar como monitores o propio alumnado, o profesorado, familias ou persoas externas.
Promocionar o xogo tradicional.	Reservar no patio un espazo para o xogo tradicional.	Profesorado das áreas de EF, e música e danza.	Partida económica resultado de participar en proxectos de innovación educativa.
Implicar ao alumnado e profesorado no coidado do patio	Deseño dunha campaña de sensibilización sobre a necesidade de coidar o entorno natural.  Colocación de elementos para a recollida selectiva de lixo.  Realización de al menos unha actividade anual de limpeza do patio.	Profesorado, alumnado e persoal do concello.	Non se asignan recursos. Utilizárase o material dispoñible no colexió.

### 3.- Situación actual.

O colexio dispón de dous patios, na parte dianteira sitúase o patio de E. Infantil, e na parte posterior temos o espacio reservado a E. Primaria. Separa os dous patios o edificio do colexio.



1. Parque E. Infantil
2. Pista polideportiva. Baloncesto
3. Pista asfaltada fútbol-5
4. Campo de herba fútbol-7
5. Elementos axilidade E. Primaria
6. Área de xogo tradicional.

### **3.1.- Aspectos a destacar.**

- Superficie extensa.
- Importantes áreas de terra e vexetación.
- Bo estado de conservación.

### **3.2.- Aspectos a mellorar.**

- O uso concéntrase nas áreas deportivas.
- Fórmanse charcas por acumulación da auga de choiva.
- Deficiente coidado da vexetación.
- A mobilidade do alumnado dentro do patio é baixa.
- 



#### 4.- Propostas do plan de mellora (Plan Integral 2019)



**Plan de patio escolar activo CEIP “Manuel Fraga Iribarne” de Cariño.**

---

<b>1</b>	Zona de xogo simbólico. Arenero e elementos de construcción. Superficie de terra.
<b>2</b>	Pista deportiva de baloncesto. Superficie herba artificial.
<b>3</b>	Zona de deporte alternativo. Superficie herba artificial.
<b>4</b>	Pista de fútbol. Superficie asfalto.
<b>5</b>	Campo de fútbol 7 Superficie: herba natural.
<b>6</b>	Zona de axilidade. Superficie area e loseta de caucho.
<b>7</b>	Composteiro e horto escolar.
<b>8</b>	Zona de xogo simbólico. Casas Superficie de terra.
<b>9</b>	Zona de xogo cuberta.
<b>10</b>	Zona tranquila: creatividade e lectura.
<b>11</b>	Zona artística Superficie de area.
<b>12</b>	Zona de baile. Superficie de asfalto.
<b>13</b>	Zona de xogo tradicional pintado no chan.
<b>14</b>	Zona semiactiva: estudo, investigación, observación, lectura, etc. Superficie de herba.
<b>15</b>	Parque E. Infantil
<b>16</b>	Horto escolar. E. Infantil
<b>17</b>	Zonas de xogo simbólico E. Infantil
<b>18</b>	Zona de baile. E. Infantil
<b>19</b>	Zona Parkour con neumáticos de caucho.

## 5.- Actuacións para a promoción da actividade física.



<b>2</b>	Pista deportiva de baloncesto. Superficie herba artificial.
<b>3</b>	Zona de deporte alternativo. Superficie herba artificial.
<b>4</b>	Pista de fútbol. Superficie asfalto.
<b>5</b>	Campo de fútbol 7 Superficie: herba natural.
<b>6</b>	Zona de axilidade. Superficie area e loseta de caucho.
<b>12</b>	Zona de baile. Superficie de asfalto.
<b>13</b>	Zona de xogo tradicional pintado no chan.
<b>15</b>	Parque E. Infantil
<b>18</b>	Zona de baile. E. Infantil
<b>19</b>	Zona Parkour con neumáticos de caucho.
<b>20</b>	Boulder (Proposta de creación)

Unha vez superadas as restriccións por mor da pandemia, e se a normativo do centro o permite, retomaranse os préstamos de material desde a área de EF para a práctica de actividade física nos recreos.

Exemplos de obradoiros:

- Parkour.
- Bádminton.
- Baile.

O alumnado participa sen limitacións de número ou idade, de xeito voluntario.

## **6.- Indicadores de éxito.**

<b>Obxectivos</b>	<b>Indicadores</b>
Facer do patio escolar un espacio de vida activa.	O número e diversidade de actividades nas que participa o alumnado durante o recreo. O 90% do alumnado participa en actividades durante o recreo.
Ofrecer ao alumnado alternativas de ocio activo no patio.	O 50% do alumnado al menos visitou semanalmente 5 zonas de actividade durante os recreos.
Implicar ao alumnado e profesorado no coidado do patio	Redúcese a presenza de lixo no patio, especialmente envases plásticos. Uso do composteiro e contenedores de recollida selectiva de lixo.

## **7.- Bibliografía.**

1. Pablo García Serrano y otros (2017), *Guía de diseño de entornos escolares*, Comunidad de Madrid.
2. Antonio Lafuente y Patricia Horrillo, *Cómo intervenir en un patio escolar*, MECD (educaLab)
3. Heike Freire, *Patios vivos para renaturalizar la escuela*, Octaedro, 2020
4. Amparo Tomé y Marina Subirats, *Balones fuera*, Octaedro 2010